

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

*RESOLUCIÓN do 1 de setembro de 2017 pola que se lle dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por este ente público no segundo cuadrimestre do ano 2017.*

Para os efectos previstos no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro) acórdase darlles publicidade aos convenios de colaboración subscritos polo Instituto Enerxético de Galicia (Inega) no segundo cuadrimestre do ano 2017 e que se relacionan no anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2017

Ángel Bernardo Tahoces  
Director do Instituto Enerxético de Galicia

**ANEXO**

Nº: 1.

Título: Convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), o Concello de Ourense e a Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia y Sostenibilidad Energética (Energylab), para a elaboración do anteproxecto Ecourdense-proxecto integral de aforro e eficiencia enerxética no concello de Ourense.

Obxecto: comprende diversas liñas de actuación a nivel de edificios, alumeadado público, mobilidade sostible, de xeración de enerxía a partir de fontes renovables e a implantación de sistemas de control e xestión intelixentes.

Sinatura: 21 de xuño de 2017.

Importe: 63.817,82 €.

Nº: 2.

Título: Convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), e a Fundación Sotavento Galicia, para a realización de actuacións de impulso e divulgación en materia de enerxías renovables e de aforro e eficiencia enerxética no parque eólico experimental Sotavento.

Obxecto: establecer as bases da colaboración entre o Inega e a Fundación Sotavento Galicia para a realización de actividades coa finalidade de impulsar e divulgar as enerxías renovables e o aforro e eficiencia enerxética, así como difundir o carácter experimental e



de demostración con que están concibidas as instalacións do parque eólico experimental Sotavento, para a divulgación deste tipo de tecnoloxías entre a colectividade.

Sinatura: 12 de xullo de 2017.

Importe: 20.000 €.

Nº: 3.

Título: Convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), o Instituto Galego de Consumo e da Competencia (IGCC) e a Fundación Sotavento Galicia, para a realización en concellos galegos e mediante redes sociais dunha actividade formativa práctica centrada no aforro e eficiencia enerxética no fogar, con esencial incidencia en conseguir o maior aforro posible na factura eléctrica.

Obxecto: establecer as bases da colaboración entre o Inega, o IGCC e a Fundación Sotavento Galicia para a continuación da campaña Dálle luz á túa factura, que se iniciou nos anos 2014, 2015 e 2016 coa finalidade de información sobre a facturación de enerxía eléctrica e asesorar os consumidores sobre medidas de aforro e de eficiencia enerxética.

Sinatura: 12 de xullo de 2017.

Importe: 70.000,00 euros.

Nº: 4.

Título: Convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e a Fundación Semana Verde de Galicia para a celebración da segunda edición da feira da enerxía.

Obxecto: establecer as condicións de colaboración entre o Inega e a Fundación Semana Verde de Galicia encamiñadas á organización no vindeiro ano 2018 da segunda edición da feira de carácter monográfico de enerxía que ten por obxectivo a promoción e potencialización dos principais sectores enerxéticos: o Gas Natural Licuado (GNL), as enerxías renovables clásicas: hidráulica, eólica e solar, as novas enerxías renovables: aerotérmica, xeotérmica e o autoconsumo enerxético.

Sinatura: 14 de xullo de 2017.

Importe: 57.310,00 euros.

